

UNIDADE

8

Paideia

INDICE DE CONTIDOS

1. GRAOS DO ADXECTIVO
2. OS NUMERAIS
3. PRONOMES PERSOAIS, POSESIVOS, ANAFÓRICO, REFLEXIVOS
4. O PERFECTO
5. TEMA DE PRESENTE VOZ MEDIO-PASIVA
6. A COMEDIA E O DRAMA SATÍRICO
7. A MULLER
8. A EDUCACIÓN EN GRECIA
9. LÉXICO: A COMPOSICIÓN
10. A TRANSCRICIÓN DOS HELENISMOS AO GALEGO

Φιλοκαλοῦμεν μετ' εὐτελείας καὶ φιλοσαφοῦμεν ἄνευ μαλακίας
Amamos a beleza sen malgasto e a educación sen debilidade.



A educación é quizais o retrato máis fiable dunha sociedade. Nesta unidade poderás observar os trazos máis significativos da *paideia* grega, é dicir, a formación total do individuo, especialmente como participante da vida social da *polis*: “Corenta anos fan falta para facer a un home”, dicía Platón. Tamén hai aquí un apartado especial dedicado á muller.

Con esta unidade pretendemos acadar os seguintes **obxectivos**:

1. Recoñecer os graos dos adxectivos e traducilos.
2. Declinar os pronomes persoais.
3. Recoñecer os verbos no tema de perfecto e sabelos conxugar na voz activa.
4. Conxugar a voz media dos verbos no tema de presente.
5. Coñecer a estrutura da comedia grega e as súas etapas.
6. Describir brevemente a situación da muller e a educación en Grecia.
7. Transcribir palabras gregas ao latín e ao galego.

1. Graos do adxectivo

Os graos do adxectivo son un recurso para precisar a calidade atribuída a un substantivo. En grego, coma en galego e castelán, pódese relacionar a calidade expresada por un adxectivo por medio dos chamados graos do adxectivo: positivo, comparativo e superlativo

1.1. Positivo

Recibe este nome un grao de significación do adxectivo que consiste en presentar a calidade sen ningún tipo de intensidade, fronte ao comparativo e o superlativo: ὁ ἀνὴρ ἐστὶ σοφός "o home é sabio".

1.2. Comparativo

O comparativo precisa a calidade dun substantivo en relación con outro, ao que se chama **segundo termo da comparación**, e respecto do cal o substantivo en cuestión estará nunha posición de superioridade, igualdade o inferioridade.

A **comparación de superioridade** exprésase de dúas maneiras:

a) Engadindo o sufixo -τερος, -τερα, -τερον ou -ιον, -ιον ao adxectivo e poñendo o segundo termo en xenitivo (ὁ πλούσιος ἄνθρωπος οὐκ ὀλβιώτερός ἐστι τοῦ σοφοῦ ("o home rico non é máis feliz que o sabio") ou no mesmo caso que o primeiro precedido de ἢ (ὁ πλούσιος ἄνθρωπος οὐκ ὀλβιώτερός ἐστιν ἢ ὁ σοφός): ὁ πλούσιος ἄνθρωπος é o primeiro termo da comparación, e τοῦ σοφοῦ ou ἢ ὁ σοφός, o segundo, e ὀλβιώτερός é o comparativo (formación sintética).

b) Colocando o adverbio μᾶλλον 'máis' co adxectivo en grao positivo e a conxunción ἢ 'que', diante do segundo termo, que irá no mesmo caso que o primeiro: ὁ πλούσιος ἄνθρωπος οὐ μᾶλλον ὀλβίός ἐστιν ἢ ὁ σοφός 'o home rico non é máis feliz que o sabio': ὁ πλούσιος ἄνθρωπος é o primeiro termo, ἢ ὁ σοφός, o segundo, e μᾶλλον ὀλβίός é o comparativo (formación analítica).

O **comparativo de inferioridade** ten só a formación analítica e faina co adverbio ἥττον 'menos' e o adxectivo en grao positivo, e o segundo termo ponse no mesmo caso que o primeiro con ἢ: τὸ ὕδωρ ἥττον θερμόν ἐστιν ἢ ἡ γῆ 'a auga é menos quente que a terra': τὸ ὕδωρ é o primeiro termo e ἢ ἡ γῆ, o segundo, e o comparativo, ἥττον θερμόν).

O **comparativo de igualdade** exprésase mediante a correlación do demostrativo e do relativo: τοσούτῳ 'tanto', ...ὥσῳ 'canto'; τοσοῦτον... ὅσον..., 'canto... tanto': ὥσῳ ἂν γειναιότερος ᾖ, τοσούτῳ ἥττον δύναται ὀργίζεσθαι 'canto máis nobre é un, (tanto) menos se pode irritar'.

1.3. Intensivo

O Intensivo expresa a calidade do adxectivo nun grao superior ao considerado normal. Non ten segundo termo: σοφώτερος ἀνὴρ 'un home moi (demasiado, bastante) sabio', νεώτερός εἰμι 'son demasiado novo'.

1.4. Superlativo

O superlativo expresa a calidade dun adxectivo no máis alto grao. Pode ser absoluto ou relativo.

O **superlativo absoluto** expresa a calidade no máis alto grao, sen especificación. Fórmase engadindo ao adxectivo o sufixo -τατος, -τη, -ον aos que teñen o comparativo en -τερος, -α, -ον, e

-ιστος, -η, -ον aos que teñen o comparativo en -ίων, -ιον: ὁ ἄνθρωπος σοφώτατός ἐστιν 'o home é sapientísimo (moi sabio)'.

O **superlativo relativo** indica que o substantivo ten unha calidade en grao máximo, pero dentro dun grupo. Este grupo aparece expresado por un xenitivo complemento do superlativo (**xenitivo partitivo**): Σωκράτης σοφώτατος τῶν Ἀθηναίων ἐστιν, 'Sócrates é o más sabio dos atenienses', ou por medio de sintagmas preposicionais: μετά + xenitivo/dativo, ἐν +dativo, παρά + dat:

ἡ Σπάρτη δυνατωτάτη ἐν τῇ Ἑλλάδι ἐστιν. 'Esparta é a máis forte de Grecia'.

Observacións:

Cando os sufixos -τερος -α -ον do comparativo, ou -τατος -η -ον do superlativo se unen ao tema dun adxectivo que acaba en -ο e ten a sílaba anterior breve, a vogal do tema alóngase para evitar catro breves seguidas: σοφός, tema σοφο-, comparativo σοφώ-τερος, superlativo σοφώ-τατος.

Os adxectivos terminados en -ων engaden ao nominativo neutro de singular as formas -έστερος para o comparativo e -έστατος para o superlativo; así, de σώφρων temos σωφρονέστερος, σωφρονέστατος.

Os terminados en -ης, -ας, -υς engaden -τέρος e -τάτος ao nominativo neutro de singular: de ἀληθής 'verdadeiro', ἀληθέστερος, ἀληθέστατος; de μέλας 'negro', μελάντερος, μελάντατος; de βαθύς 'profundo', βαθύτερος, βαθύτατος.

Alguns terminados en -υς, -ρος, usan o sufixo de comparativo -ίων (mascul. e femin.), -ιον (neutro) e o de superlativo -ιστος, -ίστη, -ιστον: de ἡδύς, ἡδίων, ἡδιστος.

1.5. Declinación dos comparativos en -ίων, -ιον

	Singular		Plural	
	Mas. e fem.	Neutro	Masc. e fem.	Neutro
N	ἡδίων	ἡδιον	ἡδίους (ἡδίονες)	ἡδίω (ἡδίονα)
V	ἡδιον	ἡδιον	ἡδίους (ἡδίονες)	ἡδίω (ἡδίονα)
A	ἡδίω (ἡδίονα)	ἡδιον	ἡδίους (ἡδίονες)	ἡδίω (ἡδίονα)
G	ἡδίονος	ἡδίονος	ἡδιόνων	ἡδιόνων
D	ἡδίονι	ἡδίονι	ἡδίοσι(ν)	ἡδίοσι(ν)

1 O acusativo sing., o nom., voc. acus. plur. neutro ἡδίω (< ἡδίωσα) e o nom., voc. e acus. de plur. ἡδίους (< ἡδίωσες) fórmanse sobre o sufixo de comparativo -ιός- (como latín maior, maius), con perda do -σ- intervocálico, en vez de facelo sobre -ιον- que dá lugar aos demais casos. Esta forma é máis usada que a regular que vai entre paréntese.

1.6. Comparativos e Superlativos irregulares

Positivo	Significado	Comparativo	Superlativo
ἀγαθός	bo	ἀμείνων	ἄριστος
	honrado	βελτίων	βέλτιστος
	valente	κρείττων	κράτιστος
κακός	malo	κακίων	κάκιστος
	insignificante	χείρων	χείριστος
	feble	ἥττων	ἥκιστος
μέγας	grande	μείζων	μέγιστος
μικρός	pequeno	μικρότερος	μικρότατος
ἐλαχύς	insignificante	ἐλάττων	ἐλάχιστος

ὀλίγος	pouco	μείων	ὀλίγιστος
πολύς	moito	πλέ(ί)ων	πλείστος
ῥᾶδιος	fácil	ῥᾶων	ῥᾶστος

Vocabulario					
Substantivos		Adxectivos		Pronomes	
ἀναισχυντία, -ας	insolencia	ἄοκνος, -ον	dilixente	αὕτη (fem. de οὗτος) esa	
ἀχαριστία-ας	ingratitude	ἀσθενής, -ές	enfermo	ἡμᾶς Ac. Plur de ἐγώ	
γίγας, γίγαντ-ος	xigante	βαθύς, -εία, -ύ	profundo	ὑμῶν αὐτῶν X.plur.reflex.2ª	
Γογγύλος, -ου	Gonxilo	βλαβερός, -ά, -όν	nocivo	Verbos	
γύψ, γυπ-ός	voitre	βραδύς, -εία, -ύ	lento	δοκέω (+ Inf.) parecer	
ἡγεμών, -όνος	guía, xefe	γενναῖος, -α, -ον	xeneroso	δύναται: (3ª sg. Pres.) poder	
Θράσυλλος, -ου	Trasilo	δυνατός, -ή, -όν	forte	ἐκπλέω zarpar	
ἰέραξ, -ακος	gabián	εἷς, μία, ἓν	un, só	οἶδα (perf./pres.) 'saber'	
λέων, -οντος	león	ἑξακόσιοι, -αι, -α	seiscentos	ὀργίζω irritar(se)	
μύρμηξ, -ηκος	formiga	ἡδύς, -εία, -ύ	doce, suave	ποιέω facer	
νόμος, -ου	lei	θερμός, -ή, -όν	quente	τίκτω xerar, producir	
ξίφος, -ου	espada	Κορίνθιος, -α, -ον	corintio	Palabras invariables	
ὄψον, -ου	alimento	νήπιος, -α, -ον	necio	ἐκεῖ (adv.) alí	
παρασάγγης, -ου	parasanga	ὄλβιος, -α, -ον	feliz	ἐς = εἰς a, cara a	
πελταστής, -οῦ	peltasta	ὀκτακισχίλιοι	oito mil	ἢ que (2º térm. comprar.)	
Πύγελα, -ων (τα)	Pixela	Περσικός, -ή, -όν	persa	ἥττον (adv.) menos	
Σάμος, -ου	Samos (illa)	πλούσιος, -α, -ον	rico	μᾶλλον (adv.) máis	
Σπάρτη, -ης	Esparta	τελευταῖος, -α, -ον	último	παρά (+ Dat.) en, entre	
στάδιον, -ου	estadio	ύγιής, -ές	san	μάλιστα sobre todo	
Συράκουσαι, -ῶν	Siracusa	χαλεπός, -ή, -όν	difícil	τοσοῦτω... ὅσῳ tanto...canto	
τέττιξ, -ιγος	cigarra				

✓ Realiza a πράξις 1

2. Os numerais

Cifras	Cardinais	Ordinais	Adverbios
1	εἷς, μία, ἓν	πρῶτος, -η, -ον	ἅπαξ (unha vez)
2	δύο	δεύτερος, -α, -ον	δίς
3	τρεις, τρία	τρίτος, -η, -ον	τρίς
4	τέτταρες, -α	τέταρτος, -η, -ον	τετράκις
5	πέντε	πέμπτος, -η, -ον	πεντάκις
6	ἕξ	ἕκτος, -η, -ον	ἑξάκις
7	ἐπτά	ἕβδομος, -η, -ον	ἐπτάκις
8	ὀκτώ	ὀγδοος, -η, -ον	ὀκτάκις
9	ἐννέα	ἐνατος, -η, -ον (ἐννατος)	ἐνάκις (ἐννάκις)
10	δέκα	δέκατος, -η, -ον	δεκάκις
11	ἑνδεκα	ἐνδέκατος, -η, -ον	ἐνδεκάκις
12	δώδεκα	δωδέκατος, -η, -ον	δωδεκάκις
13	τρεις καὶ δέκα	τρισκαιδέκατος, -η, -ον	τρισκαιδεκάκις
14	τέτταρες καὶ δέκα	τέτταρακαιδέκατος, -η, -ον	τέτταρακαιδεκάκις
15	πεντεκαίδεκα	πεντεκαιδέκατος, -η, -ον	πεντεκαιδεκάκις
16	έκκαίδεκα	έκκαιδέκατος, -η, -ον	έκκαιδεκάκις
17	επτακαίδεκα	επτακαιδέκατος, -η, -ον	επτακαιδεκάκις
18	ὀκτωκαίδεκα	ὀκτωκαιδέκατος, -η, -ον	ὀκτωκαιδεκάκις
19	έννεακαίδεκα	έννεακαιδέκατος, -η, -ον	έννεακαιδεκάκις
20	εἴκοσι(ν)	εἰκοστός, -ή, -όν	εἰκοσάκις
30	τριάκοντα	τριακοστός, -ή, -όν	τριακοντάκις
40	τετταράκοντα	τετταρακοστός, -ή, -όν	τετταρακοντάκις
50	πεντήκοντα	πεντηκοστός, -ή, -όν	πεντεκοντάκις
60	έξήκοντα	έξηκοστός, -ή, -όν	έξηκοντάκις
70	έβδομήκοντα	έβδομηκοστός, -ή, -όν	έβδομηκοντάκις
80	ὀγδοήκοντα	ὀγδοηκοστός, -ή, -όν	ὀγδοηκοντάκις
90	ένεινήκοντα	ένεινηκοστός, -ή, -όν	ένεινηκοντάκις
100	έκατόν	έκατοκοστός, -ή, -όν	έκατοντάκις
200	διακόσιοι, -αι, -α	διακοσιοστός, -ή, -όν	διακοσιάκις
300	τριακόσιοι, -αι, -α	τριακοσιοστός, -ή, -όν	τριακοσιάκις
400	τετρακόσιοι, -αι, -α	τετρακοσιοστός, -ή, -όν	τετρακοσιάκις
500	πεντακόσιοι, -αι, -α	πεντακοσιοστός, -ή, -όν	πεντακοσιάκις
600	έξακόσιοι, -αι, -α	έξακοσιοστός, -ή, -όν	έξακοσιάκις
700	έπτακόσιοι, -αι, -α	έπτακοσιοστός, -ή, -όν	έπτακοσιάκις
800	ὀκτακόσιοι, -αι, -α	ὀκτακοσιοστός, -ή, -όν	ὀκτακοσιάκις
900	ένακόσιοι, -αι, -α	ένακοσιοστός, -ή, -όν	ένακοσιάκις
1000	χίλιοι, -αι, -α	χιλιοστός, -ή, -όν	χιλιάκις
2000	δισχίλιοι, -αι, -α	δισχιλιοστός, -ή, -όν	δισχιλιάκις
3000	τρισχίλιοι, -αι, -α	τρισχιλιοστός, -ή, -όν	τρισχιλιάκις
10000	μύριοι, -αι, -α	μυριοστός, -ή, -όν	μυριάκις
20000	δισμύριοι, -αι, -α	δισμυριοστός, -ή, -όν	δισμυριάκις
30000	τρισμύριοι, -αι, -α	τρισμυριοστός, -ή, -όν	τρισμυριάκις

Todos os ordinais se declinan como adxectivos de tres terminacións: ος, -α/-η, -ον. ἑκατόν 'cen' é indeclinable. As demais centenas e millares declínanse como adxectivos en -ος, -α-η, -ον.

Declinación dos numerais. Os catro primeiros numerais teñen declinación. O numero 1 declínase como un adxectivo de tres terminacións (só en singular). O número 2 declínase en dual e os números 3 e 4, como adxectivos de dúas terminacións.

✓ Realiza a πράξις 2

3. Pronomes

3.1. Pronomes persoais

O grego ten pronomes persoais para a 1ª e 2ª persoas en singular e plural. No singular teñen formas tónicas (**enfáticas**) e átonas. Na 1ª persoa as formas tónicas antepoñen un €- inicial que non aparece nas átonas. Para a 3ª úsanse diversos demostrativos e tamén se creou un reflexivo.

Estes pronomes teñen formación e desinencias especiais:

- As formas de plural teñen distinto tema que as de singular.
- Na 1ª persoa, o Nominativo singular ten distinto tema que os demais casos.
- O reflexivo de terceira non ten Nominativo. Como non reflexivo úsase αὐτός, -ή, -ό.

Pronomes persoais

	SINGULAR			PLURAL		
	1ª PERS.	2ª PERS.	3ª PERS.	1ª PERS.	2ª PERS.	3ª PERS.
	(eu)	(ti)	(a si mesmo...)	(nos)	(vos)	(a elesmesmos...)
NM	ἐγώ	σύ	-----	ἡμεῖς	ὕμεῖς	σφεῖς
AC	με / ἐμέ	σε / σέ	ἐ / ἑ	ἡμᾶς	ὕμᾶς	σφᾶς
GN	μου / ἐμοῦ	σου / σοῦ	οὐ / οὔ	ἡμῶν	ὕμῶν	σφῶν
DT	μοι / ἐμοί	σοι / σοί	οἱ / οἷ	ἡμῖν	ὕμῖν	σφίσι / σφισι(ν)

3.2. Pronomes /adxectivos posesivos

Da raíz dos pronomes persoais formáronse os posesivos. Hai tres para un só posuidor, que se declinan como καλός, -η, -όν; e tres para varios posuidores, que se declinan como μικρός, -α, -όν.

Pronomes/adxectivos posesivos

	1 POSUIDOR	VIARIOS POSUIDORES
1ª Persoa (meu, miña, meu) (noso, -a, -o)	ἐμός, ἐμή, ἐμόν	ἡμέτερος, ἡμετέρα, ἡμέτερον
2ª Persoa (teu, túa, teu) (voso, -a, -o)	σός, σή, σόν	ὕμετερος, ὕμετέρα, ὕμετερον
3ª Persoa (seu, súa, seu / del...) (seu, súa, seu/ deles)	ὅς, (=έός) ἢ, ὅν αὐτοῦ, αὐτῆς, αὐτοῦ (XN sing de αὐτός, αὐτή, αὐτό)	-σφέτερος, -α, -ον -(XN plur de αὐτός, αὐτή, αὐτό)

3.3. Pronome anafórico αὐτός, αὐτή, αὐτό

A declinación do pronome **anafórico** αὐτός, αὐτή, αὐτό é case igual que a de καλός, -ή, -όν sen o -ν final do nominativo e acusativo neutro singular.

Singular			Plural		
Masculino	Feminino	Neu tro	Masculino	Feminino	Neutro
N. αὐτός	αὐτή	αὐτό	αὐτοί	αὐταί	αὐτά
A. αὐτόν	αὐτήν	αὐτό	αὐτούς	αὐτάς	αὐτά
X. αὐτοῦ	αὐτῆς	αὐτοῦ	αὐτῶν	αὐτῶν	αὐτῶν
D. αὐτῷ	αὐτῇ	αὐτῷ	αὐτοῖς	αὐταῖς	αὐτοῖς

Este pronome anafórico ten en grego tres valores diferentes:

1) Cando vai en posición **predicativa** (detrás do substantivo), non precedido do artigo, ten un valor **enfático**. Insiste en que a persoa ou cosa referida é ela mesma (en persoa, latín *ipse*).

ὁ βασιλεὺς αὐτὸς ταῦρον δι' ἔθυσεν 'o rei mesmo (o propio rei, o rei en persoa) sacrificou un touro a Zeus'.

2) Cando a posición de αὐτός é **atributiva**, precedido do artigo, ten un valor de identidade coa outra persoa ou cousa que intervéñ nouta oración (latín *idem*).

ὁ αὐτὸς βασιλεὺς ὅς (relativo) ταῦρον δι' ἔθυσσε, ἐποίησε τοὺς πόλεως νόμους 'o mesmo rei que sacrificou un touro a Zeus fixo as leis da cidade'.

3) Tamén exerce a función de pronome de terceira persoa co mesmo valor que os nosos pronomes *o, a, os, as, lle, lles*: ὁ Κύκλωψ ἐν τῷ ἄντρῳ ἔβλεψεν αὐτοῦς 'o Ciclope viu os na cova'.

Usado en xenitivo ten valor de posesivo, coma os pronomes persoais: Κύκλωψ ἐν τῷ ἄντρῳ αὐτοῦ ἔβλεψεν αὐτοῦς 'o Ciclope viunos na súa (del) cova'

3.4. Pronome reflexivo

Coas formas do posesivo e do anafórico fórmanse os reflexivos ἐμαυτὸν -ήν, σεαυτὸν -ήν, ἐαυτὸν -ήν. Indican que o complemento do verbo coincide co suxeito. Na frase σὺ τύπτεις σεαυτὸν 'ti golpéaste a ti mesmo': o obxecto directo σεαυτὸν refírese á mesma persoa (σύ) que o suxeito do verbo. Por iso non teñen nominativo.

1ª persoa		2ª persoa		3ª persoa	
Masculino	Feminino	Masculino	Feminino	Masculino	Feminino
Singular					
A. ἐμαυτὸν	ἐμαυτήν	σεαυτὸν	σεαυτήν	ἐαυτὸν	ἐαυτήν
X. ἐμαυτοῦ	ἐμαυτῆς	σεαυτοῦ	σεαυτῆς	ἐαυτοῦ	ἐαυτῆς
D. ἐμαυτῶ	ἐμαυτῇ	σεαυτῶ	σεαυτῇ	ἐαυτῶ	ἐαυτῇ
Plural					
A. ἡμᾶς αὐτοῦς	ἡμᾶς αὐτάς	ὕμᾶς αὐτοῦς	ὕμᾶς αὐτάς	ἐαυτοῦς1	ἐαυτάς1
X. ἡμῶν αὐτῶν	ἡμῶν αὐτῶν	ὕμῶν αὐτῶν	ὕμῶν αὐτῶν	ἐαυτῶν2	ἐαυτῶν2
D. ἡμῖν αὐτοῖς	ἡμῖν αὐταῖς	ὕμῖν αὐτοῖς	ὕμῖν αὐταῖς	ἐαυτοῖς3	ἐαυταῖς3

- 1.- Tamén σφᾶς αὐτοῦς, σφᾶς αὐτάς
2.- Tamén σφῶν αὐτῶν
3.- Tamén σφίσιν αὐτοῖς, σφίσιν αὐταῖς

VOCABULARIO (p. 172)

Vocabulario					
Substantivos		Adxectivos			
ἄλς, ἄλ-ός	'mar, sal'	ἄπειρος, -ον	'inexperto'	πλέκ-ω	'tramar'
γονή, -ῆς	'nacemento'	μακάριος, -α, -ον	'feliz'	ράπτ-ω	'coser'
ἐνύπνιον, -ου	'soño'			ρίπτ-ω	'tirar, 'lanzar'
κόμη, -ῆς	'aldea'			φοιτά-ω	'visitar'
νομή, -ῆς	'pasto'				
ξύλον, -ου	'acha, pao'	Verbos		Adverbios	
πῦρ, πυρ-ός	'lume'	ἀρκέ-ω	'afastar'	μέχρι	'ata'
φρέαρ, φρέατος	'pozo'	ἀρύ-ω	'sacar, extraer'	πολλάκις	'frecuentemente'
ῶμος, -ου	'ombreiro'	βλάπτ-ω	'danar'	πώποτε	'algunha vez'
		βλέπ-ω	'mirar'	τοίνυν	'pois, así que'
		διακομίζ-ω	'transportar'		

✓ Realiza a πράξις 3

4. O perfecto

4.1. Definición e características

O perfecto grego expresa resultado presente dunha acción pasada. De λύω 'desatar', o perfecto λέλυκα significa 'teño desatado', pero normalmente tradúcese 'desatei'.

Caracterízase pola **reduplicación** (xeralmente consistente na repetición da consoante inicial da raíz seguida de ε, aínda que veremos algunhas particularidades) e por **desinencias especiais**. Na voz activa unha gran maioría de perfectos engaden á raíz unha **característica** -κα-.

O tema de perfecto ten un pasado, o pluscuamperfecto, que leva, polo tanto, **aumento**, ademais da **reduplicación**. Os modos caracterízanse igual que no presente. O subxuntivo ten vogais temáticas longas; o optativo, a característica -οι-, e o imperativo, desinencias especiais.

A tradución máis frecuente dun perfecto é como segue: indicativo, *desatei* (teño desatado); subxuntivo, *desatase* (teña desatado); optativo, *desatase*¹ (tivese desatado)¹; imperativo, *ten desatado* (usa formas perifrásticas: participio perfecto mais imperativo do εἰμί; pluscuamperfecto de indicativo, *desatara*).

4.2. Perfecto do verbo λύ-ω

	Indicativo	Subxuntivo	Optativo	Imperativo	Pluscuamperfecto
Singular					
1ª	λέλυκα	λελύκω	λε-λύ-κ-οι-μι		έ-λε-λύκ-ει-ν
2ª	λέλυκας	λελύκης	λελύκοι-ς	λελυκώς ἴσθι	έ-λε-λύκ-ει-ς
3ª	λέλυκε	λελύκη	λελύκοι	λελυκώς ἔστω	έ-λε-λύκ-ει
Plural					
1ª	λελύκαμεν	λελύκωμεν	λελύκοι-μεν		έ-λε-λύκ-ει-μεν
2ª	λελύκατε	λελύκητε	λελύκοι-τε	λελυκότες ἔστε	έ-λε-λύκ-ει-τε
3ª	λελύκασι(ν)	λελύκωσι	λελύκο-ιεν	λελυκότες οἴτων	έ-λε-λύκ-ει-σαν

¹ Con ἄν, *desataría* ou *tería desatado*

4.3. Perfecto dos verbos contractos

O perfecto dos verbos contractos, igual que o futuro e o aoristo, alonga a vogal do tema.

Os perfectos dos **verbos en -αω** teñen reduplicación e alongan o alfa do tema.

Este alfa longo pasa a η, salvo se vai precedido de ρ, ι, ε: τιμάω, perfecto τε-τίμη-κα, pero δράω 'facer', perfecto δέ-δρα-κα.

Os perfectos dos **verbos en -εω** teñen reduplicación e alongan o ε do tema en η: φιλέω, perfecto πε-φίλη-κα (para πε- no canto de φε- mira o apartado 4.6 a. sobre a reduplicación).

Os perfectos dos **verbos en -όω** teñen reduplicación e alongan o ο do tema en ω: δηλόω, perfecto δε-δήλω-κα.

4.4. Perfecto aspirado

Os perfectos dalgúns verbos en labial (e en -πτ-) e gutural, no canto de -κ- presentan aspirada a consoante do tema: presente τρίβ-ω, perfecto τέ-τρι-φα; presente πλέκ-ω, perfecto πέ-πλο-χα.

4.4. Perfecto radical

Algúns verbos non teñen -κ- no perfecto, senón só a reduplicación e as terminacións de perfecto (ás veces cun grao vocálico diferente na raíz, que adoita ser o grao **ο**): presente σήπ-ω, perfecto σέ-σηπ-α; pres. λείπ-ω, perfecto λέ-λοιπ-α.

4.6. A reduplicación do perfecto

A reduplicación é o trazo característico dos tempos de perfecto en todos os modos. Basicamente consiste en repetir diante a primeira letra da raíz verbal máis ε-. Por exemplo, de λύ-ω, perfecto λέ-λυ-κα.

Esta regra xeral da reduplicación pode verse alterada, por razóns fonéticas, do seguinte modo:

a) Se o **verbo comeza por aspirada** (φ, θ, χ), reduplica coa xorda correspondente (π, τ, κ respectivamente). Este cambio fonético chámase "**disimilación de aspiradas**" ou "lei de Grassmann": presente φύ-ω, perfecto πέ-φυ-κα; presente θύ-ω, perfecto τέ-θυ-κα; presente χορεύ-ω, perfecto κε-χόρευ-κα.

b) Se un verbo comeza **por oclusiva seguida de líquida**, só reduplica a oclusiva. Exemplos: presente πλέ-ω < πλεύ-ω, perfecto πέ-πλευ-κα; presente τρίβ-ω, perfecto τέ-τρι-φα; presente κλεί-ω, perfecto . κέ-κλει-κα

Excepción. Os verbos que comezan **por γν-** usan o aumento en lugar da reduplicación. Exemplo: presente γνωρίζ-ω, perfecto έ-γνώρι-κα.

c) Xeralmente os verbos que comezan **por vogal, por ρ, por consoante dobre, ou por dúas consoantes** (salvo oclusiva + líquida) utilizan o aumento (ε- ou vogal longa) en lugar da reduplicación. Exemplos: presente όρίζ-ω, perfecto ῥρικα; presente ρίπτ-ω, perfecto ῥριφα; presente ψαύ-ω, perfecto ῥψαυκα; presente στρατεύ-ω, perfecto ῥστράτευκα.

d) **Reduplicación ática.** É propia dos verbos que comezan **por α, ε, ο, seguida de consoante** e consiste en repetir a primeira vogal e a primeira consoante da raíz diante do aumento temporal. Exemplos: presente άκού-ω, perfecto άκ-ήκοα; presente άγείρ-ω, perfecto άγ-ήγερκα.

e) Nos **verbos compostos** a reduplicación colócase **entre a preposición e o verbo simple**, como vimos que ocorre tamén co aumento: κατα-λύ-ω > κατα-λέ-λυ-κα. Cómpre ter en conta que a preposición se engade ao verbo de forma secundaria e por razóns morfosintácticas, mentres que a reduplicación forma parte da estrutura verbal da conxugación grega.

f) O pluscuamperfecto leva aumento diante da reduplicación: presente λύ-ω; perfecto λέ-λυ-κα, pluscuamperfecto έ-λε-λύ-κειν.

Vocabulario					
Substantivos		Pronomes		Verbos	
δεσμοκτήριον -ου	cárcere	ἄλλος, -η, -ο	outro,-a	ἀκού-ω	oír
διδάσκαλος -ου	mestre	αὐτός, ἡ,-ό	el, el mesmo	ἀληθεύ-ω	dicir verdade
θηρίον -ου	fera	ἐκεῖνος -η -ο	aquel, -a, -o	βουλεύ-ω	deliberar
κόλαξ κόλακος	adulador	σε	Pron. Pers. 2ª pers.	γηθέ-ω	alegrarse
πένης πένητος	pobre	Adverbios e conxuncións		θεραπεύ-ω	coidar
πενία -ας	pobreza			κινδυνεύ-ω	perigar
πίστις πίστεως	confianza	ἀεί	sempre	κολακεύ-ω	adular
ψευστής οὖ	mentireiro	ἐπιεικῶς	adecuadamente	πιστεύ-ω	confiar, crer
Adxectivos		καλῶς	fermosamente	στρατεύ-ω	estar en campaña
Ἀθηναῖος,-α,-ον	ateniense	νῦν	agora	φοβέ-ω	temer
		γάρ	pois	φονεύ-ω	matar
		μή	(que) non	φρονέ-ω	pensar
		εἰ	se	φυγαδεύ-ω	desterrar
				χορεύ-ω	danzar

✓ Realiza a πράξις 4

5. Tema de presente voz media

VERBOS NON CONTRACTOS

	Pres.Indicativo	Imperfecto	Subxuntivo	Imperativo	Optativo
Singular					
1ª	λύ-ο-μαι	έλυ-ό-μην	λύ-ω-μαι		λυ-οί-μην
2ª	λύ-ει < λύ-ε-σαι	έλύου < έλύ-ε-σο	λύ-η < λύ-η-σαι	λύου < λύ-ε-σο	λύοιο < λύ-οι-σο
3ª	λύ-ε-ται	έλύ-ε-το	λύ-ηται	λυ-έ-σθω	λύ-οι-το
Plural					
1ª	λυ-ό-μεθα	έλυ-ό-μεθα	λυ-ώ-μεθα		λυ-οί-μεθα
2ª	λύ-ε-σθε	έλύ-ε-σθε	λύ-η-σθε	λύ-ε-σθε	λύ-οι-σθε
3ª	λύ-ο-νται	έλύ-ο-ντο	λύ-ω-νται	λυ-έ-σθων	λύ-οι-ντο

VERBOS CONTRACTOS

PRESENTE DE INDICATIVO

	τιμάομαι	ποιέομαι	δηλόομαι
1ª	*τιμάομαι = τιμῶμαι	*ποιέομαι = ποιῶμαι	*δηλόομαι = δηλοῦμαι
2ª	*τιμάεσαι = τιμᾷ	*ποιέεσαι = ποιεῖ	*δηλόεσαι = δηλοῖ
3ª	*τιμάεται = τιμάται	*ποιέεται = ποιεῖται	*δηλόεται = δηλοῦται
1ª	*τιμαόμεθα = τιμῶμεθα	*ποιεόμεθα = ποιούμεθα	*δηλοόμεθα = δηλούμεθα
2ª	*τιμάεσθε = τιμᾶσθε	*ποιέεσθε = ποιεῖσθε	*δηλόεσθε = δηλοῦσθε
3ª	*τιμᾶνται = τιμῶνται	*ποιέονται = ποιοῦνται	*δηλόονται = δηλοῦνται

IMPERFECTO

	τιμάομαι	ποιέομαι	δηλόομαι
1ª	*έτιμαόμην = έτιμῶμην	*έποιεόμην = έποιούμεν	*έδηλοόμην = έδηλούμην
2ª	*έτιμάεσο = έτιμῶ	*έποιέεσο = έποιοῦ	*έδηλόεσο = έδηλοῦ
3ª	*έτιμάετο = έτιμᾶτο	*έποιέετο = έποιεῖτο	*έδηλόετο = έδηλοῦτο
1ª	*έτιμαόμεθα = έτιμῶμεθα	*έποιεόμεθα = έποιούμεθα	*έδηλοόμεθα = έδηλούμεθα
2ª	*έτιμάεσθε = έτιμᾶσθε	*έποιέεσθε = έποιεῖσθε	*έδηλόεσθε = έδηλοῦσθε
3ª	*έτιμᾶντο = έτιμῶντο	*έποιέοντο = έποιοῦντο	*έδηλόοντο = έδηλοῦντο

PRESENTE DE SUBXUNTIVO

	τιμάομαι	ποιέομαι	δηλόομαι
1 ^a	*τιμάωμαι = τιμῶμαι	*ποιέωμαι = ποιῶμαι	*δηλόωμαι = δηλῶμαι
2 ^a	*τιμάησαι = τιμᾶ	*ποιέησαι = ποιῆ	*δηλόησαι = δηλοῖ
3 ^a	*τιμάηται = τιμᾶται	*ποιέηται = ποιῆται	*δηλόηται = δηλῶται
1 ^a	*τιμαῶμεθα = τιμῶμεθα	*ποιεῶμεθα = ποιῶμεθα	*δηλοῶμεθα = δηλῶμεθα
2 ^a	*τιμάησθε = τιμᾶσθε	*ποιέησθε = ποιῆσθε	*δηλόησθε = δηλῶσθε
3 ^a	*τιμάωνται = τιμῶνται	*ποιέωνται = ποιῶνται	*δηλόωνται = δηλῶνται

PRESENTE DE OPTATIVO

	τιμάομαι	ποιέομαι	δηλόομαι
1 ^a	*τιμαοίμην = τιμῶμην	*ποιέοίμην = ποιοίμην	*δηλόίμην = δηλοίμην
2 ^a	*τιμαόισο = τιμῶ	*ποιέοισο = ποιοῖο	*δηλόοισο = δηλοῖο
3 ^a	*τιμαόιτο = τιμῶτο	*ποιέοιτο = ποιοῖτο	*δηλόοιτο = δηλοῖτο
1 ^a	*τιμαοίμεθα = τιμῶμεθα	*ποιεοίμεθα = ποιοίμεθα	*δηλοοίμεθα = δηλοίμεθα
2 ^a	*τιμαοίσθε = τιμῶσθε	*ποιέοίσθε = ποιοῖσθε	*δηλόοίσθε = δηλοῖσθε
3 ^a	*τιμαοίντο = τιμῶντο	*ποιέοίντο = ποιοῖντο	*δηλόοίντο = δηλοῖντο

PRESENTE DE IMPERATIVO

	τιμάομαι	ποιέω	δηλόω
1 ^a	-----	-----	-----
2 ^a	*τιμάεσο = τιμῶ	*ποιέεσο = ποιουῖ	*δηλόεσο = δηλοῦ
3 ^a	*τιμαέσθω = τιμάσθω	*ποιεέσθω = ποιεῖσθω	*δηλοέσθω = δηλούσθω
1 ^a	-----	-----	-----
2 ^a	*τιμάεσθε = τιμᾶσθε	*ποιέετε = ποιεῖσθε	*δηλόεσθε = δηλοῦσθε
3 ^a	*τιμαέσθων = τιμάσθων	*ποιεέσθων = ποιεῖσθων	*δηλοέσθων = δηλούσθων

✓ **Realiza a πράξις 5**

6. A comedia e o drama satírico

6.1. Definición de Comedia

A comedia grega é unha representación na que alternan elementos dramáticos (diálogo e acción) e líricos (cantos dun coro), de tema cómico, con personaxes inventados ou reais. É frecuente nela a sátira persoal, a abundancia de comida, o erotismo, inclusive a obscenidade. O seu propósito era divertir, pero tamén criticar comportamentos humanos e propoñer solucións utópicas e ridículas aos problemas da cidade.

Sobre a orixe da comedia temos moitas dúbidas. Aristóteles di que se orixinou nos que entoaban os cantos fálicos (φαλλικά), coros de danzaríns que levaban en procesión un falo e que, segundo o filósofo, aínda eran habituais na súa época en distintas cidades. O nome de comedia (κωμῳδία) procede de κῶμος, comitiva de seguidores de Dioniso que honraban ao deus mediante manifestacións carnavalescas. Comedia significa, pois, 'canto dun cortexo'. O cortexo ía acompañado de persoas disfrazadas de diversos animais. Restos deste costume son os coros de animais (rás, aves, avespas) que aparecen en algunhas comedias de Aristófanes.

A comedia grega evoluciona co tempo. Por iso se fala de tres períodos: *comedia antiga*, *comedia media* e *comedia moderna*.

6.2. Comedia antiga

A **parábase**, palabra que significa "avance" (de παραβαίνω 'avanzar'), era un trazo característico da comedia antiga. O coro, sen máscara, diríxese ao público para expoñer un tema alleo á comedia. Seguían á parábase unha serie de **episodios** separados por breves cantos do coro que ás veces continúan a liña da trama principal.

O **éxodo** marcaba o final da obra. Nel interveñen os actores protagonistas do **agón**, derrotado un e vitorioso o outro, e o coro que aclama ao vencedor e abandona a escena danzando, precedido polo vencedor.

O poeta máis coñecido da comedia antiga é **Aristófanes**, que naceu en Atenas a mediados do século V a.C. (450-440). Compuxo unhas corenta comedias, das que se conservan títulos e fragmentos de case todas, e once completas. *Os acarnienses*, sátira contra a guerra do Peloponeso. *Os cabaleiros*, crítica contra Cleón (demagogo ateniense) e contra a democracia. *As nubes*, contra o filósofo Sócrates. *As avespas*, contra a administración de xustiza. *A paz*, que contrapón á guerra as vantaxes da paz. *As aves*, humorística representación de cómo as aves arrebatan aos deuses a súa residencia. *Lisístrata*, folga sexual das mulleres contra a guerra. *As Tesmoforias*, ridiculiza ao poeta Eurípides. *As ras*, sátira burlesca dos **Misterios** e da creación literaria. *As asembleístas*, as mulleres toman o poder da cidade. *Pluto*, crítica contra o reparto inxusto da riqueza.

Destaca en Aristófanes a súa gran capacidade para inventar argumentos enxeñosos, para os chistes verbais e as situacións cómicas. A súa sátira é política nas primeiras comedias, dela non quedan libres nin deuses nin homes, nin o antigo nin o novo; pero despois da revolución oligárquica do 411 vólvese cara a literatura, a filosofía e, ao final, cara a crítica social. O tipo de personaxe que máis lle gusta recrear é o ateniense maduro, cunha mestura de rústica inxenuidade e astucia, que remata triunfando nas súas absurdas aventuras.

6.3. Comedia media

Chámase *comedia media* á comedia ateniense creada entre 400 e 323 a.C. aproximadamente. Hoxe non queda dela practicamente nada. As obras deste período trataban temas máis cosmopolitas; non tiñan parábase, o papel do coro reduciuse moito, desapareceu o vestuario grotesco e a presenza do falo. Os temas políticos foron substituídos pola sátira contra tipos sociais: a cortesá, o militar, o namorado.

6.4. Comedia nova

Co nome de *comedia nova* coñécese a representada en Atenas entre 323 e 263 a.C. aproximadamente. Nela modérase a ridiculización persoal e téndese á creación de **tipos fixos**: o rapaz namorado, o escravo listo ou o soldado fanfurriñeiro. A comedia gaña así en finura e estrutura. Os temas tómanse da vida privada de familias ricas. As obras estaban ambientadas en Atenas, e apenas teñen comentarios políticos.

Dividíanse en cinco actos separados por intervalos corais, carentes de importancia. O vestuario cambiou, aínda que se mantiveron as máscaras.

O representante máis coñecido da Comedia nova é **Menandro**, que naceu no seo dunha rica familia ateniense cara ao ano 341 a.C. Foi un poeta precoz, pois dise que representou a súa primeira comedia, *A cólera*, no ano 322, e que gañou con ela o primeiro premio. Foi considerado o mellor creador de comedias despois de Aristófanes. Morreu no 290 a.C.

Compuxo un centenar de comedias das que só se conserva completa o *Misántropo* coa que gañou o premio no 316 a.C. A trama xira en torno a un vello desconfiado e rabecho, Cnemón, que se opón á voda da súa filla cun mozo, Gorxias, a quen rexeita ata que queda desconcertado cando, ao caer a un pozo, o rapaz lle axuda a saír del; ao final é levado a contragusto ás festas nupciais. Pan, deus dun santuario veciño, pronuncia o prólogo e pon en marcha o sinxelo enredo.

Menandro soubo xuntar elementos tráxicos e cómicos para crear unha nova comedia de costumes. Ampliou o número de personaxes. A súa comedia caracterizábase por unha ironía e unha lección moral amables. As comedias de Menandro foron repostas en Atenas despois da súa morte e adaptadas á escena romana por Plauto e Terencio, por medio dos que exerceron unha profunda influencia na literatura moderna europea.

6.5. O drama satírico

O drama satírico era unha composición teatral na que a traxedia se tomaba a broma, pois, aínda que os temas eran os mesmos, é dicir, heroicos, eran tratados en ton festivo e burlesco, como unha caricatura. Segundo Pausanias, foi introducido en Atenas por Práxinas de Fliunte a finais do século VI a.C. Recibe o seu nome do coro, que sempre estaba formado por **sátiros**, personaxes mitolóxicos con figura humana e trazos de animais, como cabalos ou machos cabróns, sempre cun longo rabo e desmesurado membro viril, que danzaban ao son da frauta polo campo. Cara ao 500 a.C. foi incluído nos concursos teatrais e representábase ao final de cada grupo de tres traxedias, formando con elas unha *tetraloxía*, para rebaixar a tensión dos espectadores.

✓ Realiza a πράξις 6

7. A muller

Os gregos, como todos os pobos indoeuropeos, tiñan una estrutura familiar **patriarcal**. O pai exercía un poder total sobre os membros da familia: esposa, fillos e escravos. Nunha estrutura familiar así, as mulleres estaban en desvantaxe, primeiro como fillas, logo como esposas. Tal situación non cambiou nunca no mundo antigo, aínda que si houbo diferenzas no trato e protagonismo que a muller tivo na Antigüidade. Veremos os aspectos xerais da vida da muller na Atenas do século V a.C.

A función social da muller era a procreación e o coidado dos fillos; así que a súa misión comezaba co matrimonio (**γάμος**), ao que chegaban mediante un pacto establecido polos seus pais (ou titores) e non a través dunhas relacións libres. Casaban moi cedo, entre os catorce e deza-seis anos. O primeiro paso cara o matrimonio era un compromiso (**ἐγγύησις**) entre o pai da noiva e o pretendente, en presenza de dúas testemuñas. Ía seguido da entrega da muller e do dote (**ἐκδοσις**), que podía ser unha cantidade de diñeiro ou bens inmoables. Esa achega ao patrimonio do futuro marido podía recuperarse se a muller morría sen fillos, se morría o marido e ela volvía á casa de seus pais, ou en caso de divorcio.

O día antes da voda a noiva desprendíase de todos os seus xoguets e outros obxectos propios da infancia, que eran consagrados aos deuses. Seguía un baño de purificación con auga traída da fonte Calirroo, situada nunha ladeira da Acrópole, por un cortexo de mulleres portadoras de fachos presididas por un frautista. Ó día seguinte celebrábase a voda propiamente dita (**γάμος**) cun sacrificio e un banquete na casa da noiva. Esta, cuberta cun veo, permanecía acompañada doutras mulleres en lugar aparte dos homes, ata que, quitado o veo, recibía regalos dos convidados. Á noite formábase un cortexo que acompañaba aos esposos á casa do noivo entoando cancións de voda (*himeneos*). Desta parte da cerimonia, que antigamente se representaba como un rapto, deriva a expresión grega **ἀγεσθαι γυναῖκα** 'casar' o home (literalmente 'levarse unha muller'). Cando a comitiva chegaba á casa do noivo, a noiva era recibida na porta polos seus pais que lle ofrecían parte dun pastel, un marmelo e derramaban sobre ela noces e figos como símbolos de fertilidade.

A maioría dos noivos casaban no inverno. Tan estendido debía de estar o costume que o mes de xaneiro-febreiro chamábase **γαμηλιών**, "o mes dos matrimonios".

Unha vez iniciada a vida de casada, a muller ía vivir á casa do marido. Tiñan ao seu cargo o traballo de custodia da casa, o coidado dos seus fillos, atender ás escravas enfermas, confeccionar roupas e a preparación dos alimentos. Apenas saían da casa; o contrario dicía pouco a favor da súa reputación. Todo o que era preciso traer á casa para a vida diaria era misión do marido ou dalgún escravo. A única ocasión para saír eran as festas: as *Panateneas* ou as *Tesmoforias*, e quizais as festas de Dioniso, en que se representaban obras de teatro. O rigor na clausura das mulleres era menor canto máis humilde fora a familia, pois neste caso as mulleres tiñan que ocuparse de moitas tarefas fóra da casa. Dentro encargábanse da administración das provisións e da custodia das propiedades. As mulleres ricas exercían máis como organizadoras das tarefas domésticas, mentres que as pobres tiñan que traballar dentro e fóra da casa: vender alimentos ou tecidos que elas confeccionaran.

Cando a futura nai ía dar a luz, rodeábase de serventas e era acompañada por unha muller con experiencia, para que puidese axudala á hora do parto. Antes do nacemento recorría a diversos ritos para afastar os malos espíritos. Despois do parto, para comunicar a noticia aos veciños, colocábase sobre a porta da casa unha rama de oliveira, se o nacido era un neno, e unha cinta de lá, se era unha nena.

A educación que recibían era moi diferente á dos seus irmáns varóns. As nenas, ata a idade de casar, aprendían coa súa nai os labores domésticos, coma a preparación da lá, as técnicas de tecer, etc.

✓ Realiza a πράξις 7

8. A educación en Grecia

Desde a Época Arcaica houbo en Grecia dúas concepcións contrapostas da educación: a ἀρετή ('excelencia') aristocrática do heroe homérico que vai sempre tras a fama que se obtén sendo o mellor (ἄριστος) no combate, e a educación do pobo que se mostra nos *Traballos* e os *días* de Hesíodo, no que o traballo é o medio para chegar á ἀρετή.

Entre os dorios de Creta e de Esparta o individuo pertencía ao estado e a súa educación estaba orientada cara a este fin comunitario, mentres que, en Atenas e na maioría das cidades na época helenística, os pais tiñan liberdade respecto á educación dos seus fillos, aos que intentaban converter ante todo en homes completos.

8.1. A educación en Esparta

En Esparta, nada máis nacer, o neno era presentado aos anciáns da φυλή (tribo), que decidían se vivía ou se sería exposto no monte Taixeto. Se era aceptado, recibía unha das parcelas de terra que correspondían a cada cidadán e permanecía xunto a súa nai ata os sete anos, pasando a continuación a pertencer ao Estado. Ata os vinte anos era sometido á ἀγωγή ('educación colectiva') consistente sobre todo en exercicios ximnásticos, cuxo fin era inculcar virtudes militares e cívicas e ensinalles rudimentos de lectura e escritura, música, poesía e danza. A educación estaba baixo a dirección dun funcionario chamado *pedónomo* (παιδονόμος), alto maxistrado asistido polos monitores e polos portadores de látigo (μαστιγοφόροι). Toda a xuventude espartana estaba clasificada nunha especie de batallóns que recibían o nome de *búas* (βοῦαι) ou *axelas* (ἀγέλαι) comandados por un *buago* (βουαγός). Estas subdividíanse nunha sorte de compañías denominadas *ilas* (ἱλαί), dirixidas por un *ilarca* (ἰλάρχης).

A educación dos nenos estaba sometida a unha disciplina rigorosa e severa. O fundamental consistía en aprender a obedecer, soportar a fatiga con paciencia e vencer na loita. Os nenos entre os 12 e os 20 anos pasaban por diferentes clases en función da súa idade: en cada unha delas debían aprender a soportar dificultades cada vez maiores.

Dábaselles pouca comida para que tivesen que procurar polos seus medios a alimentación que lles faltaba. Se eran sorprendidos roubando, eran castigados severamente, por non teren sido suficientemente hábiles para no seren descubertos.

A pesar de todo, Esparta é a primeira cidade que estableceu unha educación obrigatoria e gratuíta a cargo do Estado para todos os cidadáns. Dela tomarían os revolucionarios franceses de finais do XVIII os conceptos de educación obrigatoria e gratuíta para todos os nenos e nenas.

8.2. A educación en Atenas

En Atenas, os pais eran os responsables da educación dos seus fillos ata os 18 anos. Os nenos permanecían ata os 7 anos no xineceo coa súa nai, antes de seren confiados aos mestres, co obxectivo de facer do neno un cidadán de ben, con boa preparación física e moral (καλὸς καὶ ἀγαθός). O Estado non interviña na educación, só prescribía aos pais que ensinasen aos seus fillos a nadar, a ler e a formar os seus músculos nas palestras. Co gramático, o neno aprendía a ler, a escribir e a contar. Ao cabo de tres anos, estudaba os poetas antigos, aprendía versos de memoria (sobre todo de Homero) e nocións básicas de matemáticas. Co citarista aprendía a tocar a cítara e a frauta, a cantar e a bailar. Tamén practicaban ximnasia co *pedótribo*.

Esta ensinanza duraba ata os 16 anos, aínda que os pobres retiraban os seus fillos antes desta idade para facerlles aprender un oficio. Os rapaces acomodados seguían con frecuencia os seus estudos ata a idade da **efebía**. Estudaban todas as disciplinas da man dos sofistas ou re-

uníanse arredor de mestres célebres que lles ensinaban filosofía, retórica e matemáticas.

8.3. A educación na época helenística

Na época helenística a ensinanza era semellante á que se dispensara en Atenas. Ás ensinanzas anteriores engadiuse o debuxo. Desenvolvéronse escolas de filosofía nas que se aprendían as ciencias con eminentes mestres en matemáticas, astronomía e mecánica. Nalgunhas destas escolas, como o Liceo de Aristóteles, ensinábanse todas as ciencias, incluídas zooloxía e mecánica. Moitos atenienses continuaban coas leccións dos filósofos incluso despois de pasada a efebía.

✓ Realiza a πράξις 8

9. Léxico: a composición

Unha palabra composta é a que está formada por dous lexemas. Este recurso permítelle ao grego crear numerosos termos novos a partir de termos sinxelos. Das dúas palabras que forman o composto, a primeira perdeu a súa autonomía sintáctica e as súas marcas de xénero, número e caso, se é un nome ou un adxectivo, e de voz, modo, tempo, número e persoa, se é un verbo. Así, en **azulgrana**, composto de azul e de grana, os morfemas de xénero e número só os recibe o final da palabra, non o primeiro elemento do composto e dicimos os xogadores azulgranas, e non *azuisgranas. En sacarollas o primeiro elemento é o verbo sacar, pero perdeu a súa capacidade de recibir morfemas de tempo ou desinencias (non podemos dicir *sacabarollas, nin o plural é *sacanrollas).

En grego, unha palabra como *μεγάθυμος* é un composto de *μέγας* 'grande' e *θυμός* 'ánimo', que corresponde ao galego magnánimo. Só o podemos declinar coas formas do segundo elemento, nominativo *μεγάθυμος* (non *μεγάσθυμος), xenitivo *μεγαθύμου* (non *μεγαλουθύμου). Así, dicimos: *ἐχέφρων* 'sensato' (de *ἔχω* 'ter, manter' e *φρήν* 'sensatez'), e non **ἐχεισφρων* 'sensato (ti)' nin *ἐχουσι-φρωνες* 'sensatos (eles)'. Entre os dous membros do composto pode haber distintas relacións. Poden corresponder a:

1. Dúas palabras unidas por unha conxunción copulativa, grego *ἀνδρόγυνος*, galego andróxino 'que é varón e muller' corresponde a *ἀνὴρ καὶ γυνή*.

2. Un xenitivo seguido da palabra determinada por el (debemos traducir o segundo lexema + de + o primeiro), *ἵππο-δρομία* 'carreira de cabalos' (cf. *δρόμος* 'carreira' e *ἵππος* 'cabalo'). Nalgúns compostos é ao revés: *ἵππο-πόταμος* (de *ἵππος* 'cabalo' e *ποταμός* 'río'), 'cabalo de río', non 'río do cabalo'.

3. Dúas palabras que se comparan entre si: *μητρόπολις* (de *μήτηρ* 'nai' e *πόλις* 'cidade') 'metrópoli', 'cidade nai' ou 'que é como unha nai'.

4. Un sintagma de adxectivo e substantivo, *λεύκασπις* 'de branco escudo', composto de *λευκός* 'branco' e *ἀσπίς* 'escudo', ou minisaia 'saia curta'.

5. Un grupo de verbo e complemento directo, como metepatas, cantamañás. O lexema verbal pode ir o primeiro ou o segundo: *φερέοικος* 'que leva a súa casa, nómada' (cf. *φέρω* 'llevar; oír' e *οἶκος* 'casa'), *οἰκονόμος* 'que administra a casa' (cf. *οἶκος* 'casa' e *νέμω* 'administrar').

Os compostos poden levar prefixos e sufixos. Así *συμ-φιλο-σοφέω* é un verbo formado polo prefixo *συν-* 'con, xuntamente' (escrito *συν-* porque vai ante a labial *φ*) *φίλος* 'amigo' e *σοφία* 'sabedoría', isto é, 'que é amigo da sabedoría en compañía doutro', 'que filosofa xunto con'.

As linguas modernas recorreron ao mesmo procedemento para crear novas palabras, sobre todo na terminoloxía científica.

✓ Realiza a práxis 9

10. A transcripción dos helenismos ao galego

As palabras gregas pasan ao galego a través da súa transcripción latina. As correspondencias fonéticas entre os helenismos e as palabras gregas das que derivan, refírense ás vogais simples, ditongos, consoantes e espírito áspero.

10.1. Vogais simples

O α pasa ao latín como a (longo ou breve) e en galego mantense como a: ἀγάπη 'ágape'.

Nas palabras que entraron en latín desde os primeiros contactos das dúas culturas, producíronse evolucións propias do latín: μηχανή, en dórico μαχανά pasou a lat. *machina* >galego máquina.

O ε pasa ao latín como e (breve) e ao galego como e: ἄγγελος "anxo".

O η dá en latín e (longo) e en galego, en posición inicial e media, e: ἡμέρα 'hemeroteca', κατηγορία 'categoría'; en posición final oscila entre a / e: ἀμυγδάλη 'amígdala', ἀγάπη 'ágape'. No final dos temas en -ης, e: Περικλῆς Pericles.

O ι pasa ao latín e ao galego como i: ἅγιος 'haxiógrafo'. Ao principio de palabra, seguida de vogal da unhas veces i: ἰόν 'iodo', e outras, x: ἰάσμινος 'xazmín'.

O ο pasa ao latín como o breve e ao galego como o: ὄφις 'ofidio', ὀλίγος 'oligarca'.

Hai palabras de orixe grega que evolucionan como se fosen latinas: σχολή *schola* "escola," fronte ao culto 'escolio', χορδή *chorda* 'corda', 'cordel'.

O υ dá en latín y, e en galego i: ὕαινα 'hiena', τύπος 'tipo'. Nalgúns casos dá u: γλυκύς, 'glucemia', 'glucosa' xunto a 'glicerina'. Ao principio de palabra seguida de vogal dá x: ὑάκινθος 'xacinto'.

O ω dá en latín e en galego o: ὥσμος 'ósmose', ὥμος 'omóplato'.

10.2. Ditongos

αι dá en latín ae, e en galego, e: αἰσθητικός 'estético'.

οι dá en latín oe e en galego e: αἰδός, 'aedo', συναλοιφή 'sinalefa'.

ει dá en latín e, e en galego, i (ás veces e): κичόρεια 'achicoria', καστανεῖον 'hipocastáneo'.

αυ mantense en latín au e galego au: γλαυκός 'glaucó', 'glaucoma'.

ου dá en latín e en galego u: ἀνακόλουθος 'anacoluto', ἀκουστικός 'acústico'.

ευ dá en latín e galego eu: εὕρισκω, 'heurística', δεύτερος 'deuterio', pero ante vogal dá ev: εὐαγγέλιον 'evanxeo'.

ωψ pasa a latín oe, e en galego a e/o: κωμωδία, 'comedia', ὥδή 'oda'.

10.3. Consoantes

Transcríbense ao latín e galego tal como aparecen no cadro do alfabeto da Unidade 1, coas seguintes precisións:

γ seguida de γ, κ, χ, ξ ten son nasal, como o noso n, e transcríbese por n: ἄγγελος, 'anxo', ἄγκυλος 'ángulo', βράγχιον 'branquia'.

ζ aparece en latín como z, e en galego ante a, o, u, como z: ζῶον 'protozoo', e ante e, i como c: ζέφυρος 'céfiro', ζιζάνιον 'cizaña'.

κ dá en latín e galego c: κατηγορία, 'categoría'. Nalgunhas palabras a xorda latina c pasou á sonora galega g: κόλπος 'golfo', ἐκκλησία 'igrexia', ἄγκυλος 'ángulo'.

ξ latín x, galego x: ξένος 'xenofobia', ἀξίωμα 'axioma'; δόξα 'paradoxo'.

Os grupos iniciais στ-, σφ-, σχ-, σμ-, σκ-, σπ- pasan en lat. a st-, sph-, sch-, sm-, sc-, sp- transcríbense ao galego cun "e" **protético**: Στράβων, lat. *Strabo*, galego Estrabón; Σφαῖρος, lat. *Sphaerus*, galego Esfero; Σχερία, lat. *Scheria*, galego Esqueria; Σμύρνα, lat. *Smyrna*, galego Esmirna; Σκύλλα, lat. *Scylla*, galego Escila; Σπάρτη, lat. *Sparta*, galego Esparta.

χ transcríbese en latín como ch, e en galego ante a, o, u como c, e ante e, i como qu: χάρτης 'carta', χορός 'coro'; χιασμός 'quiasmo'.

ψ aparece en latín como ps, bs, e en galego como ps (en inicial de palabra ps- pode reducirse a s-) e, ás veces, bs: ἀψίς 'ábsida', δίψα 'polidipsia', ψαλμός 'salmo', ψεύδω 'pseudónimo' e 'seudónimo', ψυχή 'psicoloxía' e 'sicoloxía'.

10.4. O espírito áspero

O espírito áspero dá en latín e en galego h ao principio de palabra e no segundo compoñente dalgunhas palabras compostas: ἥλιξ 'hélice'; ἡγεμονία 'hexemonía'; ὥρα 'hora', 'horóscopo'. Pérdese en 'odómetro', de ὁδός, e mantense en *-hidro* segundo elemento dunha palabra composta, 'anhídrido' (gr. ὑδρός).

✓ Realiza a πράξις 10